

IRIBARNE chega ao Barco de Valdeorras este venres 23 de febreiro

O Teatro Municipal Lauro Olmo acolle o 23F, ás 21.00 horas, a revisión da figura de Fraga en clave de humor que está a colgar o cartel de 'entradas esgotadas' en todas as súas funcións por Galicia

O actor ourensán Anxo Outumuro encarna un dos *Iribarnes* desta obra coral e de ritmo frenético escrita por Esther F. Carrodegua e dirixida por Xavier Castiñeira

O proxecto complétase con entrevistas en aberto na canle de YouTube de ButacaZero e o lanzamento este venres da edición galega do texto

IRIBARNE é unha coprodución de ButacaZero co Centro Dramático Nacional (CDN) e coa Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia

As entradas de *IRIBARNE* pódense adquirir na tenda 'Ton y son' e tamén estarán á venda no teatro desde unha hora antes do comezo da función



Xurxo Cortázar, Jorge de Arcos, Mónica García, Anxo Outumuro e Lidia Veiga protagonizan *IRIBARNE* © Geraldine Leloutre

Ourense, 20 de febreiro do 2024.- **IRIBARNE**, o novo espectáculo de **ButacaZero**, representarase o vindeiro venres 23 de febreiro, no **Teatro Municipal Lauro Olmo do Barco de Valdeorras**, ás 21.00 horas. As entradas para a única función confirmada polo de agora

na provincia de Ourense xa se poden adquirir anticipadamente na tenda 'Ton y son' e tamén estarán á venda na propia billeteira do teatro desde unha hora antes do comezo da función.

A celebrada revisión da figura de Manuel Fraga en clave de humor escrita por Esther F. Carrodegua e con dirección de Xavier Castiñeira está a itinerar por toda Galicia e por numerosas cidades españolas logo da súa estrea en Vilalba en xaneiro, e xa pasou por Santiago e Pontevedra, esgotando as entradas en todas elas. Esta boa acollida engádese á experimentada por **IRIBARNE** en Madrid o pasado outono, onde a peza estivo en cartel un mes completo e acadou o aplauso unánime do público e da crítica. **IRIBARNE** -unha coprodución de **ButacaZero** co **Centro Dramático Nacional (CDN)** e coa **Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia**- tamén ten previsto recalar en Vilagarcía de Arousa (24 febreiro), A Coruña (15 e 16 marzo), Lugo (11 abril), Tomiño (20 abril), Cangas (4 maio), Bilbao (9 maio), Narón (18 maio), Vitoria (7 xuño) e Ribadavia (xullo).

MÁIS CA TEATRO

En paralelo á xira, ButacaZero está a compartir na súa canle de YouTube material extra que complementa a peza teatral, xa que **IRIBARNE** é, por definición, un **proxecto transmedia** que inclúe a banda sonora de Berto, dispoñible en todas as plataformas, e produtos audiovisuais. Xa é posible acceder a tres **entrevistas** feitas durante o proceso de investigación de investigación teatral a **Manuel Rivas**, a **Xesús Palmou** e mais a **Encarna Otero**. Este material foi deseñado pola xornalista e escritora Inma López Silva e conta coa realización de Pablo Fontenla. Alén diso, este venres sairá á venda a **edición galega do texto teatral** que chegará ás librarías da man de Edicións Positivas e a un prezo de 15 euros. A súa adquisición tamén será posible nos espazos onde se represente a obra.

IRIBARNE é o sétimo proxecto do tándem creativo formado por **Esther F. Carrodegua** e **Xavier Castiñeira**, ambos os dous responsables da compañía ButacaZero, e segue o ronsel das súas anteriores obras, fundamentadas na investigación e na reflexión para dialogar co presente dende unha ollada crítica e irónica. A obra está escrita por Carrodegua, que a presenta como "un intento (irreverente) por comprender como chegamos ata aquí, camiñando da man dun deses personaxes secundarios pero incrivelmente imprescindibles da nosa historia". Segundo ela, é "o traballo máis difícil que escribín ata agora" e engade que "foi complexo atopar o punto de equilibrio do humor, do estilo, así como o lugar dende o que se situar".

Pola súa banda, para Castiñeira, responsable da dirección de **IRIBARNE**, "este personaxe é inabarcable" e "entendo o que fixo, pero non dende onde o fixo e por que o fixo", e salienta as contradicións que foron atopando durante o proceso de investigación, tanto da súa biografía persoal como da súa traxectoria política.

Ambos os dous sinalan que pertencen a unha xeración, a da Transición, que medrou rodeada dun "silencio tácito arredor da historia política recente", e que se embarcaren neste proxecto axudounos a entender de onde vimos. "Paréceme moi interesante que a obra, que se sustenta sobre o silencio, abra portas ao diálogo, aínda que sexa para provocar controversia", apunta Carrodegua.

POSTA EN ESCENA

A montaxe está articulada en tres episodios, que reflicten a evolución política do noso país, dende o franquismo ata a transición e a democracia, para culminar co período de hexemonía de Fraga en Galicia. "Pareceunos que un político que ocupara cargos de alta responsabilidade e que se mantivo no poder ao longo dun período tan dilatado podería ser un personaxe interesante para falar sobre a identidade de España", sinala a dramaturga.

A posta en escena de **IRIBARNE** ofrece, con ritmo frenético, un xogo coral no que todo o elenco -integrado por **Xurxo Cortázar, Jorge de Arcos, Esther F. Carrodegas, Mónica García, Anxo Outumuro e Lidia Veiga**- se vai dando o relevo para interpretar o protagonista. Trátase dunha "peza extremadamente teatral, moi tola, moi divertida de ver", afirma o seu director. Nela caben todas as iconas pop das diferentes épocas, dende Palomares ata Salomé, Massiel, Serrat... pasando por episodios máis trágicos, como Grimau, os asasinatos de ETA ou a morte de Franco. "Percorremos dende a infancia ata a morte de Fraga, e iso é toda a historia recente do país", afirma Castiñeira. "Pero non estamos a intentar facer Historia nin un *biopic*, senón darlle unha volta moi cómica e contemporánea, ollando dende aquí e dende o agora, sen acritude, o pasado", conclúe o director.

Completan o equipo artístico **Diego Valeiras**, que firma o espazo escénico xunto ao propio Xavier Castiñeira e mais o vestuario, **Diego Vilar**, a cargo da iluminación, **Pablo Fontenla**, responsable da parte audiovisual, a coreógrafa **Sabela Domínguez** e mais o produtor musical **Berto**, creador da banda sonora orixinal da obra, que inclúe o *single* WHO THE F*CK IS IRIBARNE?

SOBRE A COMPAÑÍA

ButacaZero é a plataforma creativa posta en marcha por Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira. Con propostas como *Voaxa e Carmín, #camiños, Despois das ondas, 32m², Pagagena* ou *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, a compañía sitúase como un referente do teatro contemporáneo no panorama escénico galego. As súas creacións concréntanse en dramaturxias feitas á medida, nas que a tradición teatral se mestura coas linguaxes contemporáneas.

Esther F. Carrodegas é actriz, directora, *performer* e, sobre todo, escritora. Rianxeira de pura raza, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre as lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben da súa faceta periodística. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados ben na súa propia plataforma profesional (ButacaZero) ben noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) ou públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional). Precisamente no 2021 foi escollida para desenvolver unha das residencias dramáticas que outorga o CDN, onde escribiu o texto *Supernormales*, co que foi finalista nos Premios MAX 2023 na categoría de Mellor Autoría e que foi, sen dúbida ningunha, un dos grandes éxitos da pasada tempada tanto para o público como para a crítica.

Xavier Castiñeira é licenciado en Dirección de Escena pola RESAD de Madrid e posúe un mestrado en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Tamén realizou estudos de Filoloxía Hispánica pola USC. Actualmente cursa o doutorado na UCM, investigando aspectos

neurobiolóxicos nos procesos de recepción escénicos. Desde os seus comezos no mundo do teatro compaxinou o seu labor creativo co docente, impartindo desde 1988 aulas en diversos grupos afeccionados e en obradoiros regulares de interpretación, dirección ou investigación escénica. No ano 2011 incorpórase ao corpo de profesorado da ESAD de Galicia. Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas case todas as de ButacaZero, pero tamén para compañías como Goliardos, Mairitz, La Escuela de Música Creativa, Outumuro Producións ou De Ste Xeito.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira - 620 113 155

Bea Pérez - 604 070 409

prensa@theofficeco.es

DESCARGA KIT DE PRENSA | <https://cutt.ly/Iribarne>

CONVERSAS

- Manuel Rivas: <https://youtu.be/nTGC5te-xzI?si=mM4woYU040CjXvyw>
- Xesús Palmou: https://youtu.be/1x_G-9tp3-U?si=j1kzWFyb0BmSG6v3
- Encarna Otero: <https://youtu.be/b6z4RG1Uy0Y?si=5Ms9onBGURtRsW4m>

MÁIS INFO | <https://butacazero.com>

XIRA IRIBARNE | DATAS CONFIRMADAS

BARCO DE VALDEORRAS | Teatro Municipal Lauro Olmo | venres 23 febreiro | 21.00 h

Venda anticipada: tenda 'Ton y son' [Av. Eulogio Fernández, 31]

Día da función: no propio teatro unha hora antes do comezo do espectáculo

VILAGARCÍA DE AROUSA | Auditorio Municipal | sábado 24 febreiro | 20.00 h

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/gl/teatro/auditorio-municipal-de-vilagarcia-de-arousa/17006--iribarne.html>

A CORUÑA | Teatro Rosalía de Castro | venres 15 e sábado 16 marzo | 20.30 h

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/teatro/teatro-rosalia-castro/16890--ciclo-principal-primavera-2024-iribarne-de-esther-carrodegas.html>

LUGO | Auditorio Municipal Gustavo Freire | xoves 11 abril | 20.30 h

<https://entradaslugo.es/evento/iribarne?type=teatro>

TOMIÑO | Auditorio Municipal de Goián | sábado 20 abril | 21.00 h

CANGAS | Auditorio Municipal de Cangas (Auditorio Xosé Manuel Pazos) | sábado 4 maio | 20.00 h

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/teatro/auditorio-municipal-de-cangas/16988--butacazero-presenta-iribarne.htmliribarne>

BILBAO | Teatro Arriaga | xoves 9 maio | 19.30 h

<https://www.teatroarriaga.eus/programacion/iribarne/#entradas-arriaga>

NARÓN | Pazo da Cultura | sábado 18 maio | 20.00 h

<https://www.padroadodecultura.es/es/espectaculos/evento/iribarne>

VITORIA | Teatro Principal de Vitoria | venres 7 xuño | 19.30 h

<https://principalantzokia.janto.es/>

RIBADAVIA I Auditorio do Castelo | MIT Ribadavia 2024 (19-27 xullo)